



## Concello de Sarria

---

### **BANDO**

**D. CLAUDIO M. GARRIDO MARTÍNEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SARRIA, NA PROVINCIA DE LUGO.**

### **FAI SABER**

En relación coa SITUACIÓN DE EMERXENCIA SANITARIA provocada pola evolución epidemiolóxica do COVID-19, estase a iniciar un proceso de redución gradual das medidas extraordinarias de restrición da mobilidade e do contacto social establecidas para facerlle frente no Real Decreto 463/2020 e demais disposicións posteriores.

Visto o Plan aprobado no Consello de Ministros de 28 de abril de 2020, que establece os principais parámetros e instrumentos para a consecución da recuperación da normalidade, gradualmente, e adaptables aos cambios de orientación necesarios en función da evolución da epidemia e do impacto das medidas que se van adoptando.

Visto que próximamente prevese a flexibilización das restricións de desenvolvemento das actividades dos comercios minoristas e de prestación de servizos, así como as de actividades de hostalería e restauración, nos territorios menos afectados pola crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, e o establecemento de condicións particulares para a apertura ao público que previsiblemente afectarán ao aforo máximo permitido para cada local.

Co obxectivo de establecer un proceso de colaboración con todos os veciños afectados, a disposición de implementar cantas medias extraordinarias e urxentes sexan necesarias en apoio á reactivación da economía local, e coa finalidade de facilitar o cumprimento das condicións que se establezan polas disposicións que se poidan ditar respecto das condicións de reapertura, dende este Concello se facilitará o cálculo do aforo máximo permitido correspondente aos establecementos e actividades que o soliciten de maneira expresa, en función dunha declaración responsable que o promotor haberá de presentar e onde se facilitará a superficie útil desglosada por zonas do local.

Este procedemento haberá de tramitarse telemáticamente (a través da sede electrónica do Concello **sede.sarria.es**) estando a disposición o modelo aprobado a tal efecto na páxina web do Concello **sarria.es**.

O Alcalde  
(*asinado dixitalmente ao marxe*)

---

**Concello de Sarria**

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 (Lugo). Tfno. 982535000. Fax: 982530916

